

Columba livia Gmelin, 1789

	pomba das rochas, pomba brava
	paloma bravía
	haitz-usoa
	colom, colom roquer
	rock dove, rock pigeon
	pombo-comum, pombo-das-rochas



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Columbiformes	Columbidae	<i>Columba</i>



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS*

Peso	238-380 g
Lonxitude	29-37 cm
Envergadura	62-72 cm

ALIMENTACIÓN

Sementes, insectos, arañas, froitos, brotes, vermes e caracois.

COMPORTEAMENTO

Son animais diúrnos, monógamos e sociais, que adoitan vivir en bandadas agás pola época de reprodución, que están en parellas.

REPRODUCCIÓN

Cría ao longo de todo o ano, podendo poñer ata 4 postas anuais. Poñen 2 ovos, que ambos pais incuban durante 16-19 días. A cría voa ás 35-37 días e acada a madurez sexual pouco despois.

HÁBITAT

C. l. livia en zonas pedregosas e rochosas, *C. l. domestica* en hábitats urbanos.

DISTRIBUCIÓN

Sur de Europa, illas mediterráneas, Illas Británicas, metade norte de África, Macaronesia, Cabo Verde, Oriente Próximo, Asia Central e Asia do Sur. Introducida no resto de Europa agás Islandia, sur de África, nordés de China, Corea, Xapón, Sueste Asiático, Australia, Nova Zelandia, Norteamérica, América Central, illas do Caribe, oeste de Perú e sur de Sudamérica.

CURIOSIDADES

Tanto machos como femias producen no seu bucho o leite de pomba, unha secreción que serve como alimento para as súas crías. Debido a que contan con tecidos magnetoceptores, poden sentir o campo magnético terrestre, e polo tanto, orientarse nel.

As subespecies presente no campus son *Columba livia livia* Gmelin, 1789 e *C. l. domestica* Gmelin, 1789, propias da meirande parte da súa distribución.

* Datos de *C. l. livia*